

## Carta aos lectores

**E**scandalizados pola repugnante deriva da loita contra o terrorismo internacional auspiciada pola Administración de EEUU, e pola ausencia de respostas na propia clase dirixente norteamericana, mesmo nun ano electoral coma o presente, a propósito de prácticas tan condenabeis, consideramos oportuno centrar boa parte deste número da nosa revista na análise dos países do chamado “eixe do mal”.

*A grave situación de Iraq, como en Afganistán ou en Palestina, obedece á lóxica da ocupación, e non ofrece maior singularidade histórica, quizais, que a de non aprender dos erros e graves crimes do pasado, que hoxe volven repetirse. Recollerá o informe do Departamento de Estado sobre as violacións dos dereitos humanos no mundo o acontecido en Iraq a mans das súas propias tropas, nunha ocupación financiada polo propio Congreso de EEUU? Ou pasarán ao limbo das ausencias coma o incríbel “oasis” de Guantánamo? No referido a 2003, relátanse as arbitrariedades cometidas por Sadam entre 1968 e 2002. Do 9 de abril de 2003 en diante, semella que Paul Bremer garantiu a plena vixencia dos dereitos humanos en Iraq.*

*Existía o temor de que despois de Iraq (Ivo Mesquita Sobral), a “guerra preventiva” se podería estender a Irán (Mabel González Bustelo), nunha estratexia que propugnaría a creación dunha enorme franxa territorial, de Nouakchott a Teherán, rica en recursos enerxéticos –petróleo e gas– baixo a influencia de EEUU. Siria e Libia (César Lorenzo) eran dous países situados no punto de mira, pero mentres que nun xa se iniciou o camiño das sancións por parte da Casa Branca, Trípoli xestiona o seu retorno á “civilización do mundo libre”. Corea do Norte (Rafael Bueno) é un caso á parte, non soamente pola súa ubicación xeográfica –próxima a China–, senón pola singularidade do seu sistema político, os antecedentes do seu programa nuclear e a propia multilateralidade da xestión da crise.*

*A busca ou o control de materias primas segue a ser un factor importante no desenvolvemento de crises políticas, tanto a nivel local como internacional. No entanto, con ser un factor en moitos casos decisivo, tende a permanecer oculto entre os supostos ideais (democracia, liberdade) que enmascaran a natureza real das apetencias dos actores en litixio. É máis coñecido o interese polo petróleo (Xoán Ramón Doldán), pero menos noutros casos. A entrevista con Néstor Osorio sobre a situación do café, realizada por Fernando Pérez-Barreiro Nolla, é especialmente interesante, ao igual que a análise sobre a influencia das materias primas no longo contencioso angolano (María del Mar Gómez), ou a significación do cacao na recente crise de Côte d’Ivoire (David Reínero).*

*Os procesos electorais lévannos desta vez a tres realidades ben diferentes: Rusia (Marisol Rodríguez), Austria (Daniela Pichler) e Taiwán. Por último, a celebración da Marcha Mundial das Mulleres en Galicia, animounos a abordar a problemática de xénero desde a perspectiva das relacións internacionais (Iria Alonso).*

O director: